

FORMALIZACIÓN DA RESERVA DE PRAZA NORMAS XERAIS

Curso 2021/2022

Dende o día **26 de abril ao 21 de maio, ámbolos dous inclusive**, estará aberto o prazo de **RESERVA DE PRAZA** na **Escola Municipal de Música Magariños**, para o próximo **Curso Escolar 2021/2022** para o alumnado matriculado no presente curso escolar.

Os impresos e demais documentación informativa para a **formalización** da reserva de praza estarán a disposición dos interesados na web da Escola www.esmumagariños.com como tamén na secretaría do centro.

A **omisión de datos ou a non realización da reserva de praza** se emendarán no prazo establecido para tal efecto. No caso contrario, inmediatamente o **alumno perderá a praza para o vindeiro curso 2021/2022. As comunicacións, avisos e demais información durante o curso 2020/2021 farase unicamente por vía telemática -plataforma ATENEA e mail-**.

A reserva fai referencia **as especialidades cursadas ao longo do curso 2020/2021. O alumnado de música e movemento de 5º (sete anos) no presente curso terán que escoller unha única especialidade instrumental¹** das ofertadas polo centro. No caso, dunha **segunda especialidade** deste alumnado o prazo deberase realizar **no período de nova admisión unha vez rematado o presente curso escolar**.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR (a través do correo electrónico escolamusica@briondixital.org ou ben en horario de secretaría)

- **Foto tamaño carné.**
- Impreso de **solicitud de reserva de praza.**
- **Fotocopia do libro de Familia Numerosa** ou/e **certificado de pertencer como membro activo da Banda Municipal de Música de Brión**, no caso de acollerse algunha das reducións ou descontos segundo a Ordenanza Fiscal 20-PP reguladora do prezo público polos servizos culturais e deportivos.
- No caso de querer domiciliar os pagos, **Impreso de Domiciliación Bancaria debidamente asinado** -no caso de ter domiciliado o pago no curso anterior non será necesario presentar a orde de domiciliación-.

NORMAS DE PAGO

1. As obrigacións de pago nace dende que se inicia o servizo ou realización de calquera das actividades na Escola Municipal de Música Magariños.
2. As taxas da Escola Municipal de Música Magariños se efectúan en tres cotas trimestrais (setembro-décembro, xaneiro-marzo e abril-xuño).
3. O pago das cotas trimestrais efectuarase mediante:
 - a. Remesa bancaria (alumnado que teñan solicitado a domiciliación bancaria). Efectuarase a partir dos 15 primeiros días de cada trimestre. As solicitudes de domiciliación unha vez comezado o curso, efectuarase o cobro no período seguinte.
 - b. Pago por transferencia bancaria ou pago en entidades bancarias. Previamente o alumnado recibirá a confirmación do pago vía postal ou telemático. O concepto deberá rexistrar debidamente o número de recibo do pago polos servizos prestados.
3. O falta de pagamento no prazo establecido será motivo de baixa.
4. Cando por causas non imputables ao obrigado ao pago, o servizo ou actividade non se preste o desenvolva, procederase á devolución do importe correspondente. No procedendo a devolución cando a falta de presentación efectiva da actividade sexa imputable ao solicitante interesado.

¹ Especialidades instrumentais:

- Itinerario Clásico: Piano, Trompeta/Fliscorno, Trompa, Trombón, Tuba/Bombardino, Guitarra, Clarinete, Saxofón, Frauta Traveseira, Canto e Percusión.
- Itinerario Moderno: Piano, Trompeta, Saxofón, Canto, Guitarra e Batería.
- Itinerario Tradicional: Gaita, Canto e Percusión.

5. As baixas de alumnado deberán ser asinadas por escrito na secretaría da Escola tanto presencial ou vía e-mail: escolamusica@briondixital.org achegando o impreso de baixa. As baixas faranse efectivas ao iniciarse o período seguinte no que foron solicitadas.

8. Considerase alumno matriculado activo a todo aquel, que comeza un período e que non notificara a súa baixa.

9. Non se admitirá matrícula a alumnos/as con recibos pendentes doutros cursos.

10. O alumnado que solicitara a domiciliación bancaria en cursos anteriores non terá que renova-la.

TAXAS

As taxas e prezos polos servizos prestados pola Escola Municipal de Música Magariños veñen regulados na Ordenanza Fiscal 20-PP e publicada no BOP nº 178 do 16 de setembro.

PREZOS ITINERARIOS CLÁSICO, TRADICIONAL E MODERNO				
	Cursos	Materias	Tempos Lectivos	Tarifa Trimestral
PEX NIVEL I Nivel Inicial	1º	Pre-Iniciación Musical	60 minutos/semanais	35,50 €
	2º e 3º	Música e Movemento Orquestra Infantil	45 minutos/semanais 60 minutos/semanais	44,80 €
	4º e 5º	Música e Movemento Orquestra Orff	60 minutos/semanais 60 minutos/semanais	44,80 €
PEX NIVEL II Nivel Básico	1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º	Linguaxe Musical Instrumento Conxunto Coral I ou II Agrupación Instrumental	120 minutos/semanais 30 minutos/semanais 60 minutos/semanais 60 minutos/mensuais	127,80 €
PEX NIVEL III Nivel Perfeccionamento	1º, 2º, 3º e 4º	Instrumento Conxunto Coral II Harmonía Agrupación Instrumental	45 minutos/semanais 45 minutos/semanais 60 minutos/semanais 60 minutos/mensuais	127,80 €
PEX NIVEL IV Nivel Experto	1º, 2º, 3º e 4º	Instrumento Análise Musical Conxunto Coral III Técnica vogal/seccional Agrupación Instrumental	45 minutos/2semanas 45 minutos/2semanas 60 minutos/mensuais 60 minutos/mensuais 60 minutos/mensuais	127,80 €
PREZOS ITINERARIOS CLÁSICO, TRADICIONAL E MODERNO				
PEA NIVEL I Nivel Básico	1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º	Linguaxe Musical Instrumento Conxunto Coral III Técnica vogal/seccional Agrupación Instrumental	60 minutos/semanais 60 minutos/semanais 60 minutos/mensuais 60 minutos/mensuais 60 minutos/mensuais	127,80 €
PEA NIVEL II Nivel Perfeccionamento	1º, 2º, 3º e 4º	Instrumento Conxunto Coral III Técnica vogal Agrupación Instrumental	45 minutos/semanais 60 minutos/semanais 60 minutos/mensuais 60 minutos/mensuais	127,80 €
PEA NIVEL III Nivel Experto	1º, 2º, 3º e 4º	Instrumento Conxunto Coral III Técnica vogal/seccional Agrupación Instrumental	45 minutos/semanais 60 minutos/semanais 60 minutos/mensuais 60 minutos/mensuais	127,80 €

DESCONTOS E BONIFICACIÓNS

FAMILIA NUMEROSA
1. Primeiro membro (de maior idade): 50 % de bonificación da matrícula do alumno.
2. Segundo membro (seguinte alumno en idade): 75 % de bonificación da matrícula do alumno.
3. Terceiro membro e seguintes (seguintes alumnos en idade): matrícula gratuíta.
BANDA DE MÚSICA MUNICIPAL DE BRIÓN
Os membros activos contarán cunha bonificación do 50 % da matrícula na especialidade na que participan na Banda.
OUTROS DESCONTOS DOUS MEMBROS DA MESMA UNIDADE FAMILIAR
1. Primeiro membro da familia (de maior idade): aboará o 100 % da matrícula.
2. Segundo membro da familia: 50 % de bonificación da matrícula.
3. Terceiro membro da familia: 75 % de bonificación da matrícula.
4. Cuarto membro da mesma familia: 100 % de bonificación da matrícula.
SEGUNDA ESPECIALIDADE INSTRUMENTAL
Bonificación do 90 % da matrícula.